

ASISTENTES:**Presidenta:**

Dona Milagros Otero Parga

Vicepresidente:

Don Fernando de Andrés Alonso

Vogais:**Pola Xunta de Galicia**

Dona Natalia Prieto Viso

Polo Consello Consultivo

Dona Ana López Guizán

Polo Consello de Contas

Dona Isabel García Garrido

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretaria:

Dona María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.10 horas do día 30 de maio de 2017, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 22 de maio de 2017, procédese a realizar a XII sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na sesión procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1º.- Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvida aos membros e procedendo a introducir á nova representante do Consello de Contas dona Isabel García Garrido. Escusa a ausencia por motivos laborais do Vicepresidente don Pablo Cameselle Martínez, substituído segundo o establecido no regulamento interno da Comisión da Transparencia.

Igualmente informa brevemente da remisión ao TSXG do expediente RSCTG 9/2016, o día 24 de maio.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 7 de marzo de 2017

A secretaria procede á lectura da acta. Estando conformes todos os membros presentes apróbase por unanimidade.

3º.- Revisión de diversos aspectos procedimentais, e aprobación se procede, de medidas para o seguimento das resolucións da Comisión

Neste punto trátanse dúas cuestións principais que derivan nunha serie de acordos. A primeira delas ten que ver coa separación de funcións que esixe o artigo 34 da Lei 1/2016, do 18 de

xaneiro. A segunda se refire a un tema xa abordado en anteriores sesións que é o seguimento do cumprimento dos prazos procedimentais por parte administracións públicas ante o exercicio do dereito de acceso á información pública.

En relación ao primeiro aspecto, dende a última sesión a Comisión ten recibido un escrito dunha persoa que se dirixe ao Valedor do Pobo por asuntos diferentes que atinxen a distintas administracións públicas. A clasificación dos asuntos no Valedor, ata o de agora, fíxose sempre atendendo ao fondo da solicitude. No caso de que a petición afectase a atribucións do artigo 13 da Lei 6/1984, do 5 de xuño era clasificada como queixa, no caso de que se formulase como preguntas, procura de datos ou citando expresamente a normativa de acceso á información pública ante un suxeito obrigado pola lexislación de transparencia vixente se clasificaba de oficio como reclamación ante a Comisión da Transparencia.

A cuestión que recolle o escrito é importante porque esta persoa reivindica o seu dereito a decidir se está presentando una queixa ou unha reclamación ante a Comisión da transparencia. A Presidencia propón entrar neste asunto que está directamente relacionado co xeito de facer efectivo o contido do artigo 34 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro no que fai á separación das funcións da Comisión da Transparencia das outras que lle corresponden ao Valedor do Pobo. Este tema tanxencialmente xa ten sido abordado en diversas sesións durante a revisión das propostas de resolución que estuda a Comisión, pero sen acabar de establecer unha sistemática para a xestión dos procedementos, dado que os escritos que se reciben ante o Valedor, tanto as queixas como as reclamacións derivadas do exercicio do dereito de acceso á información, se presentan ante o Valedor do Pobo e son moi heteroxéneos.

Para centrar o traballo da Comisión hai que ter en conta que o exercicio do dereito de acceso á información pública e o propio concepto de información pública se ben están recollidos na lexislación, no que atinxe ao seu exercicio é moi incipiente e está pouco desenvolvido.

No caso de Galicia ademais de que non existe xurisprudencia ao respecto, resulta que moitas das reclamacións presentadas versan sobre o exercicio doutros dereitos ou ben son interpostas incumprindo os prazos establecidos ao efecto polo que so pode resolverse a súa inadmisión.

Nun estudo global dos expedientes de resolución das solicitudes de información pública que xestionan os distintos suxeitos obrigados pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a Secretaría da comisión detecta que existe marxe de mellora neste eido en aras a facilitar unha adecuada resposta á cidadanía dentro dos prazos legalmente previstos.

A presidenta da inicio ao debate. Este deriva no tratamento de varios aspectos de xestión procedimental e que quedan pechados cos seguintes acordos unánimes:

A Comisión da Transparencia delega na Presidencia as resolucións de inadmisión das reclamacións presentadas no exercicio do dereito de acceso á información pública que sexan extemporáneas, tanto porque son presentadas antes de que transcorra o prazo para resolver polo suxeito ao que se lle solicita, como por tratarse dunha reclamación na que ten transcorrido o prazo para dirixir o recurso ante a comisión. En aras da máxima transparencia encargase a secretaría para que proceda a publicar a delegación da competencia no DOG.

En desenvolvemento do punto b) do artigo 7 do Regulamento interno da Comisión da Transparencia acórdase deixar sen efecto, a partir do expediente RSCTG 38/2017 o nomeamento de 12 de xullo de 2016, recaído na persoa da secretaria da comisión María Puy Fraga como instrutora dos expedientes sobre reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso a la información pública.

En desenvolvemento do artigo 10 j) compre por unha banda informar aos reclamantes ao inicio do expediente de que o impulso administrativo dos mesmos corresponde á secretaría da Comisión, e por outra, facer entrega a todos os membros da Comisión dun modelo de iniciación das reclamacións, para que tralo seu estudo, acheguen as propostas de modificación que estimen oportunas.

En relación ao segundo aspecto a presidenta informa que o acordo recollido con data do 7 de marzo de 2017 relativo ao seguimento do cumprimento dos prazos procedimentais por parte das administracións públicas están dando lugar a unha serie de problemáticas non tidas en conta cando se tomou o acordo.

Recoller esa información nas resolucións está a distorsionar a percepción da cidadanía respecto do traballo desenvolvido por as entidades suxeitas a lexislación de transparencia. Para que esa información sexa obxectiva, clara e transparente, partindo da casuística existente na comisión hai que relacionar as materias das reclamacións presentadas, o número de reclamacións e o número de reclamantes, é dicir, se require un estudo en conxunto que non é posible realizar dentro dos expedientes individualizados.

A fin de clarificar e facer mais transparente a información que a cidadanía ten dereito a recibir da Comisión se propón eliminar das resolucións que se emitan eses datos, mantendo o acordo de 7 de marzo de 2017 no que fai ao listado que se achegará ao Comisionado, a súa referencia e ao desenvolvemento dos datos no informe ao Parlamento en materia de transparencia. A proposta é aceptada por unanimidade.

4º.- Resolución se procede dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 006/2017	Estimación parcial
RSCTG 008/2017	Estimación
RSCTG 009/2017	Inadmisión
RSCTG 012/2017	Estimación
RSCTG 013/2017	Estimación
RSCTG 014/2017	Arquivo por terenselle achegado xa a información

En relación aos expedientes RSCTG 008/2017 e RSCTG 015/2017 hai que facer as seguintes apreciacións:

No expediente RSCTG 008/2017, se acorda modificar a proposta no sentido de incorporar as alegacións que fai a persoa xurídica reclamante o día 29 de maio e diversas apreciacións feitas polos membros en materia do exercicio do dereito de acceso á información pública que afecte a temas medioambientais.

No expediente RSCTG 15/2017, se acorda unha revisión dos seguintes aspectos procedimentais previos ao estudo da proposta:

Estudo do prazo para a interposición dun recurso no que a solicitude se realiza durante o prazo que a Comunidade Autónoma e as Entidades Locais dispoñen para adaptarse ás obrigas contidas na Lei 19/2013 do 9 de decembro, análise da disposición final novena.

Análise da lexislación de subvencións en relación ás obrigas de publicidade activa.

5º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase a celebración da seguinte reunión o día 27 de xuño ás 12.00.

6º.- Rogos e preguntas


A representante da Xunta de Galicia recorda que na sesión anterior a Comisión acordara fixar un criterio de actuación á vista do trasladado pola Secretaría da Comisión, respecto a que en moitos supostos os suxeitos obrigados non estaban a comunicar debidamente á Comisión da

Transparencia a efectiva posta a disposición da información aos solicitantes, segundo a parte dispositiva das resolucións estimatorias deste órgano colexiado.

Polo tanto propón que, a efectos de mellorar este aspecto se faga un recordatorio nos oficios de remisión das resolucións estimatorias da Comisión da Transparencia que incida nesta cuestión co obxectivo de mellorar o seguimento da execución de ditas resolucións.

A proposta incorpórase á xestión dos expedientes.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13:40 da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.


A Presidenta
Milagros Otero Parga  **Comisión da
transparencia
de Galicia**
A secretaria
María Puy Fraga  **Comisión da
transparencia
de Galicia**

